

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es


ACTA DA SESION REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 14 DE DECEMBRO DE 2017 CON CARÁCTER ORDINARIO

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS</p> <p>D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ DNA. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTIN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de Sesiões desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña sendo as dez horas do día catorce de decembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes</p>
---	--

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2017. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e un de novembro de dous mil dezasete.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

II.- PLAN POS + 2018. SOLICITUDE DE OBRAS E SUBMINISTRO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación de que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobou en data 29 de setembro de 2017 as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal Plan Único dos Concellos POS+2018.

A asignación coa que conta o Concello da Capela para o ano 2018 é a seguinte:

CONCELLO	A CAPELA			
ASIGNACION	Achega Provincial	Achega Provincial	Préstamo Provincial	TOTAL
POS+2018	2018	2017	2018	
	136.228,44 €	133.658,09 €	120.806,35 €	390.692,88 €

Avaliados polo órgano de Goberno as necesidades do Concello en canto a dotacións de investimentos e gasto corrente con cargo o mencionado Plan propoñense a inclusión das seguintes obras:


1.- Achega Provincial 2017

“Rehabilitación das dependencias da Casa do Concello da Capela”, cun orzamento que ascende á cantidade de 133.658,09 euros, ive incluído.

2.- No Plan Complementario propoñense os seguintes proxectos por un importe mínimo non inferior o 20% do total das achegas asignadas o POS+2018:

A) “Ampliación rede municipal de saneamento de augas residuais en A Buiña”, cun orzamento que ascende á cantidade de 75.120,55 euros, ive incluído.

B) “Renovación da sinalización vertical informativa e direccional nas vías municipais e nos límites do Concello”, cun orzamento que ascende á cantidade de 85.000,00 euros, ive incluído.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

3.- Polo que respecta o financiamento de gastos correntes destinase a cantidade de 136.228,44 euros.

4.- Como en antos anteriores considerase prudente non empregar o diñeiro asignado a este Concello como préstamo provincial 2018 por importe de 120.806,35 euros, xá que de empregalo automaticamente o Concello incorrería en inestabilidade orzamentaria e incumprimento da regra de gasto, o que conlevaría a elaboración dun plan económico financeiro.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodriguez Calvo preguntase en que van a consistir as obras da Casa do Concello.


Polo Sr. Alcalde-Presidente respostaselle que no baixo vaise facer un salón para plenos, colocarse un ascensor na planta primeira, reformaranse as oficinas municipais colocando o rexistro na entrada e asimesmo mellorarase a rede eléctrica e de datos.

Dí o voceiro do Grupo Municipal de AIAC que non está de acordo coa reforma prevista no PLAN POS + 2018 xá que fai dous anos gastaronse sobre 50.000,00 € e agora vanse empregar outros 133.000,00 €. Dí que a accesibilidade está salvada coa plataforma xa colocada na entrada do Concello e que para a reforma da rede eléctrica e de datos non fai falla unha reforma integral, considera que hai outras necesidades básicas que deberían de terse en conta de acordo coa enquisa de infraestructuras e equipamentos locais e fala concretamente de deficitis en materia de saneamento e alumeadado publico. Con respecto as obras propostas para o Plan Complementario nada que decir con respecto á obra de "Ampliación do saneamento na Buiña" pero en relación coa sinalización considera que non é necesario proceder a cambiar a de todo o Concello.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy preguntase como se van a financiar as obras que van incluídas no Plan Complementario. Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente que será con cargo as baixas producidas nas obras do POS + 2018 así como futuras achegas da Deputación Provincial.

Pregunta ademáis D. Santiago Meizoso Permuy se xá se sabe o que se vai a gastar con cargo a gastos correntes. Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa está incluído no orzamento aprobado para o exercicio 2018, e no Anexo correspondente do POS+2018 figuran as cantidades e programas obxecto de financiamento por este concepto.

Dí o voceiro do Grupo Mixto-PP que non vai a insistir no xá manifestado en outras ocasións sobre a improvisación do equipo de goberno, xá que hai que ter claro o que se quere facer e a impresión que se dá é que hai unha falla de planificación, e



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

excesivo o gasto que se vai acometer nunha nova reforma da Casa do Concello cando aínda non fai dous anos que se fixo outra.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndese que é necesario a xuízo do equipo de goberno proceder a reforma da Casa do Concello, un edificio do ano 1980 e o que non se lle adicou ningunha atención dende entón agás a substitución da cuberta. Dí que a accesibilidade é necesaria para a xente non válida e asimismo debe respetarse a privacidade dos traballadores municipais e dos veciños, polo que se van a facer oficinas individuais para a atención ó público, tamen é básico ter unha boa rede eléctrica e de datos que facilite a xestión municipal, fala ademais o Sr. Alcalde-Presidente de que as oficinas do rexistro emprazaranse na planta baixa na entrada do Concello e asimismo considera importante ter un Salón de Sesiós o que os veciños poidan asistir os plenos con comodidade.

Sen máis debate o Pleno da Corporación por maioría de votos (5 votos a favor do Sres./a. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 2 votos en contra do Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP) adopta o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	0 €	0 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	0 €	0 €
Subtotal pago a provedores	0 €	0 €	0 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	136.228,44 €
Subtotal gasto corrente	136.228,44 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento
------------------------	-------------------------------



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@acapela.es
 Web: www.concellodacapela.es

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2018	0 €	0 €	0 €


ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
"Rehabilitación das dependencias da Casa do Concello da Capela"	933	133.658,09 €	0 €	133.658,09 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		133.658,09 €	0	133.658,09 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total	
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	0 €	0 €	0 €	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0 €



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@acapela.es
 Web: www.concellodacapela.es

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	0 €


Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		0 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0 €		0 €
	Achega 2018	0 €		0 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	136.228,44 €		136.228,44 €
	Achega 2018	0 €	0 €	0 €



CONCELLO DA CAPELA


As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@acapela.es
 Web: www.concellodacapela.es

C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	133.658,09 €	0 €	133.658,09 €
	Préstamo 2018	0 €	0 €	0 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0 €		0 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0 €		0 €
	Achega 2017	0 €		0 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0 €		0 €
TOTAL	Achega 2018	136.228,44 €	0 €	136.228,44 €
	Achega 2017	133.658,09 €	0 €	133.658,09 €
	Préstamo 2018	0 €	0 €	0 €
	TOTAL	269.886,53 €	0 €	269.886,53 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
1.- "Ampliación rede municipal de saneamento de augas residuais en A Buíña"	160	75.120,55 €
2.- "Renovación da sinalización vertical informativa e direccional das vías municipais e límites do Concello"	153	85.000,00 €
TOTAIS		160.120,55 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.


7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

III.- RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día 21 de outubro de 2017 ata o día 5 de decembro de 2017 que de seguido se relacionan:


Nº Decreto	Fecha Firma	Asunto
00320/20 17	23/10/20 17	CONVOCATORIA PLENO MUNICIPAL PARA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017, ÁS 10:00 H. CON CARÁCTER ORDINARIO
00321/20 17	25/10/20 17	LICITACION E CONTRATACION DO SERVIZO DE ANALITICAS E CONTROIS DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE, PISCINA, VERQUIDOS DAS EDARs E LIXIVIADOS
00322/20 17	25/10/20 17	RECOÑECIMENTO DO DÉCIMO TRIENIO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á FUNCIONARIA MUNICIPAL JOSEFINA FERNÁNDEZ FERREIRA



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A ☐ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 ☐ Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@acapela.es
 Web: www.concellodacapela.es


00323/20 17	27/10/20 17	APROBACIÓN DAS NÓMINAS OUTUBRO 2017
00324/20 17	31/10/20 17	CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION Á XERENCIA DE XESTION INTEGRADA DE FERROL DO SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS) POLA CONSTRUCCION DO NOVO CENTRO DE SAÚDE EN AS NEVES.
00325/20 17	31/10/20 17	SOLICITUDE DE COPIA DO MODELO 347 DO EXERCICIO 2016 PRESENTADO ANTE A AXENCIA TRIBUTARIA
00326/20 17	31/10/20 17	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2017/16
00327/20 17	02/11/20 17	ADXUDICACION DO SERVIZO DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DO CONCELLO DA CAPELA"
00328/20 17	06/11/20 17	EXPT. 5/2017 DE COMUNICACION PREVIA PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO: ACCESO A UNHA PARCELA E INSTALACION DE CANCELAS INSTADA POR D. JOSE SECO FERNANDEZ - CONDICIÓN ESPECÍFICAS
00329/20 17	06/11/20 17	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2017/16
00330/20 17	07/11/20 17	CONVOCATORIA DO CONSELLO DE PARTICIPACION VECIÑAL PARA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2017.
00331/20 17	07/11/20 17	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL OUTUBRO 2017 DAS TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00332/20 17	07/11/20 17	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL OUTUBRO 2017 DAS TAXAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
00333/20 17	09/11/20 17	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00334/20 17	10/11/20 17	VACACIONS DA SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ, DÑA. MARIA CELIA COUCE MOREIRA, DENDE O DÍA 16 AO 22 DE NOVEMBRO DE 2017 (AMBAS DATAS INCLUSIVE)



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

00335/20 17	13/11/20 17	CONVOCATORIA COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO PARA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2017, ÁS 9:00 HORAS
00336/20 17	13/11/20 17	CAMBIOS DOMICILIO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00337/20 17	14/11/20 17	VACACIONS DA BIBLIOTECARIA MUNICIPAL, DNA. MARIA ISABEL FRANCO RODRIGUEZ
00338/20 17	14/11/20 17	BAJAS MODIFICACIONES PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00339/20 17	15/11/20 17	SOLICITUDE DOS DÍAS 16 E 17 DE NOVEMBRO DE 2017 POR ASUNTOS PROPIOS DA FUNCIONARIA DNA. JOSEFINA FERNANDEZ FERREIRA
00340/20 17	15/11/20 17	RECOÑECEMENTO DO DÉCIMO TRIENIO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á ADMINISTRACIÓN
00341/20 17	16/11/20 17	CONVOCATORIA PLENO MUNICIPAL PARA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2017, ÁS 09:00 HORAS, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO
00342/20 17	17/11/20 17	APROBACION DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA "ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DA FEIRA" (POS+2017)
00343/20 17	17/11/20 17	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA CONSTRUCCIÓN DE MURO NO CAMPO DA FEIRA
00344/20 17	17/11/20 17	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA CONSTRUCCIÓN DE MURO DE ESTABILIZACIÓN DAS CIMENTACIÓNS LINDANTES CO CAMIÑO DE SAN BOULO
00345/20 17	20/11/20 17	ALTAS PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00346/20 17	21/11/20 17	CONSTRUCCION DESTINADA A VIVENDA UNIFAMILIAR PROMOVIDA POR D. ARMANDO SANTIAGO PAZ LOPEZ
00347/20 17	21/11/20 17	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2017/17



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371


E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

00348/20 17	22/11/20 17	ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00349/20 17	23/11/20 17	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NA BUÍÑA
00350/20 17	23/11/20 17	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REDACCIÓN DO PREGO DE SUBMINISTROS PARA A RENOVACIÓN DA SINALIZACIÓN VERTICAL INFORMATIVA E DIRECCIONAL DAS VÍAS MUNICIPAIS E LÍMITES DO CONCELLO
00351/20 17	24/11/20 17	APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ALTA DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL NO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RSU
00352/20 17	28/11/20 17	APROBACIÓN DA CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DOS AVAIS PROVISIONAIS PRESENTADOS PARA A LICITACIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO DO CONCELLO
00353/20 17	28/11/20 17	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO
00354/20 17	29/11/20 17	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2017/17
00355/20 17	30/11/20 17	R/SOLICITUDE DAS VACACIONS DO ANO 2017 PARA O MES DE DECEMBRO
00356/201 7	05/12/2017	R/SOLICITUDE DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2017 CON CARGO AOS DÍAS DE ASUNTOS PROPIOS DO ANO EN CURSO
00357/201 7	05/12/2017	APROBACIÓN DA RELACION CONTABLE P/2017/18

O Pleno da Corporación queda enterado

IV.- MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

Non se presentou ningunha moción polos Grupos Municipais.

V.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

Non se presentou ningún rogo por parte dos Grupos Municipais

PREGUNTAS

Dase conta das preguntas presentadas polo Grupo Municipal de AIAC, que de seguido se relacionan:

1.- ¿A obra de Vilar de Mouros xa está rematada? ¿Reintegrouse ao seu estado orixinal o sitio no que estaba a antiga depuradora?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndese que a obra está rematada e que en un principio o Concello iba facer o que estaba no proxecto pero o propietario da finca dixo que se encargaba el de restituir ó seu estado orixinal o terreo.

2.- Agora que quedou libre o vello Centro de Saúde, ¿cal vai ser o destino do local?


Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndese que hai varias propostas e tamen fai falla financiación para levalas adiante nese momento fálase do asunto, de todos xeitos aínda hai material do Sergas no inmoble.

3.- Con motivo da reforma do Campo da Feira perdéronse moitos sitios de aparcamento nesa zona tan concurrida sobre todo polas mañás. ¿Ten o equipo de goberno algunha previsión para solucionar este problema?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que en principio hai suficiente aparcamento na zona traseira do Centro de Saúde vello e que está previsto adecentar con zorra ou material similar a parcela do Concello que linda co Centro de Saúde novo para habilitala como aparcamento.

4.- Fai un tempo, este grupo municipal presentou un rogo para intentar cambiar o aspecto estético das biondas colocadas nas pontes deste concello. Vaise tomar algunha medida ao respecto?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que mirouse de utilizar unha pintura pero non dá resultado xa que sobre ese material escarapela o pouco tempo de dala.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales delibera o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e corenta minutos de todo o cal eu, Secretario dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio MeizosoPaz